

do expediente que ocasiona a transferencia de titularidade da E.P. 0601 de Arzúa á ponte de San Xusto por Dombodán á Xunta de Galicia, para que forme parte da rede de estradas de titularidade autonómica.

Conforme o sinalado no artigo 5 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, tras o acordo entre as administracións afectadas, por proposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e logo de deliberación da Xunta de Galicia en reunión do día vinte e un de abril de dous mil cinco.

DISPÓN:

Artigo 1º

Aprobar o cambio de titularidade a favor da Comunidade Autónoma de Galicia da estrada provincial 0601 de Arzúa á ponte de San Xusto por Dombodán, sita no termo municipal de Arzúa, que ten unha lonxitude de 11,4 km con orixe na estrada nacional 547 e remate no entronque coa estrada provincial 0605 no lugar das Hortas.

Artigo 2º

Incorporar a citada vía á relación de estradas de titularidade autonómica como sinala o artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia. A mencionada estrada estará catalogada como rede primaria complementaria entre Arzúa e o cruzamento de Dombodán coa denominación AC-905 Vila de Cruces-límite provincia-Arzúa, de acordo co recollido no Decreto 308/2003, do 26 de xuño, polo que se aproba a relación de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia. Entre o cruzamento de Dombodán e o entronque coa E.P. 0605 estará catalogada como rede secundaria e denominarase AC-207.

Artigo 3º

Correspóndenlle á Xunta de Galicia, a partir da publicación deste decreto, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de uso e defensa da vía e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular da estrada.

Disposición derradeira

O cambio de titularidade disposto neste decreto producirá efectos desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e un de abril de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Alberto Núñez Feijoo
Vicepresidente primeiro e conselleiro da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

Decreto 89/2005, do 21 de abril, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da urbanización da circunvalación das Neves, PO-400. Clave: PO/03/019.03.

Con data do 7 de abril de 2005 o director xeral de Obras Públicas, por delegación do vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda aprobou o proxecto de construción da urbanización da circunvalación das Neves, PO-400. Clave: PO/03/019.03.

Os bens e dereitos en que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, considerándose xustificada a referida declaración pola súa incidencia na seguridade vial, ao alargar a vía actual e dotala de beirarrúas.

En virtude de todo o exposto e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de Autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación co previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día vinte e un de abril de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, para efectos de expropiación no proxecto de construción da urbanización da circunvalación das Neves, PO-400. Clave: PO/03/019.03.

Santiago de Compostela, vinte e un de abril de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Alberto Núñez Feijoo
Vicepresidente primeiro e conselleiro da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 25 de abril de 2005 pola que se convocan premios ás actuacións de calidade na educación postas en marcha por centros públicos de niveis non universitarios, durante o curso académico 2004-2005 cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, no seu preámbulo,

considera o logro da calidade do ensino como un obxectivo de primeira orde e fai do seu aseguramento un dos retos fundamentais da educación do futuro.

A aproximación á calidade educativa e á súa mellora, a través dos centros, amplíase e precísase na Lei orgánica 9/1995, do 10 de decembro, da participación, avaliación e goberno dos centros docentes.

A Lei 10/2002, do 23 de decembro, de calidade na educación, á vez que pretende facer fronte aos desafíos actuais e de futuro da educación no noso país, considera factor esencial para elevar a calidade do ensino a capacidade dos centros para promover actuacións innovadoras nos aspectos pedagóxicos e organizativos, así como unha adecuada autonomía na xestión dos seus recursos, vinculadas ao principio de responsabilidade dos resultados que se obteñan.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo desde o curso 2000-2001 o programa Rede Galega de Centros Educativos para a Calidade, baseándose no paradigma da xestión de calidade como facilitador dos procesos de mellora continua nos centros educativos.

Para impulsar a mellora da xestión dos centros e para promover metodoloxías que a posibiliten, créase o Premio ás actuacións de calidade na educación, dirixido a centros públicos de niveis non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Os obxectivos destes premios son os que seguen:

1º Promover a mellora da calidade da educación a través da mellora da calidade na xestión dos centros.

2º Difundir a metodoloxía sobre a xestión de calidade en educación e ofrecérllela aos centros como un marco orientador adecuado para desenvolver dun modo eficaz, eficiente e responsable a autonomía que as diferentes normas e modelos lle confiren.

3º Facilitar o uso dun modelo común de xestión que permita o intercambio de experiencias e estimule á mellora continua.

4º Fomentar o uso da ISO 9001:2000 e do Modelo EFQM de Excelencia adaptado aos centros educativos nos centros de niveis non universitarios, como instrumentos sistemáticos de autoavaliación para a mellora.

5º Facilitar a difusión das boas prácticas de xestión educativa e dos beneficios asociados ao emprego de modelos de xestión.

Estes premios encádranse dentro da actuación 41.14.3 do Programa Operativo Integrado de Galicia (2000-2006) cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Por todo o exposto, a Consellería de Educación e Ordenación

DISPÓN:

Primeiro.-Convocatoria.

Convócase o Premio ás actuacións de calidade no curso 2004-2005 coa finalidade de recoñecer o esforzo dos centros públicos de niveis non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por mellorar os seus procesos e os seus resultados educativos.

Segundo.-Categorías do premio.

O premio terá dúas categorías.

1º A primeira categoría denomínase Premio á calidade na educación e diríxese a todos os centros de titularidade pública, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que xa contan coa certificación ISO 9001:2000 e que presenten unha memoria do seu funcionamento e resultados adaptándose ás epígrafes do Modelo EFQM de Excelencia.

2º A segunda categoría denomínase Premio ás accións de mellora e vai dirixida a todos aqueles centros de titularidade pública, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que realizaran un plan anual ou unha práctica de mellora e que presenten unha memoria coa súa descrición e os resultados acadados.

Terceiro.-Número de premios.

1. Na categoría Premio á calidade na educación, o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, por proposta do xurado, outorgará cinco premios.

2. Na categoría Premio ás accións de mellora, o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, por proposta do xurado, poderá outorgar ata dez premios.

3. Se, por calquera razón, nalgunha desas categorías non se outorgasen todos os premios posibles, poderán ser outorgados na outra.

4. Tanto nunha categoría como na outra os premios poderán ser declarados desertos.

Cuarto.-Dotación do premio.

1. Os premios na categoría Premio á calidade na educación terán unha dotación económica de 6.000 € cada un. Ademais, entregarase aos centros gañadores unha acreditación.

2. Os premios na categoría Accións de mellora terán unha dotación económica de 3.000 € cada un. Ademais, entregarase aos centros gañadores unha acreditación.

3. O importe total dos Premios á calidade na educación e dos Premios ás accións de mellora que

se outorguen en base a esta convocatoria non poderán superar a contía de 60.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.3225.640.2. Deste importe, un 65% corresponde a fondos da Unión Europea (FSE) e o 35% restante a fondos da comunidade autónoma.

Quinto.-Centros que poden presentarse.

Poderán presentarse todos os centros de titularidade pública, de niveis non universitarios, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto.-Solicitudes para presentarse ao premio en cada unha das dúas categorías.

1. Os centros que desexen participar nesta convocatoria deberán formalizar a súa inscrición mediante o formulario do anexo I, que deberá remitirse á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, edificio administrativo San Caetano, bloque 2-2º andar, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, nun prazo de 30 días desde a publicación desta orde no DOG.

2. Os centros que reúnan os requisitos exixidos e se inscribieran no prazo previsto elaborarán unha memoria descritiva do seu funcionamento, que será remitida á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais antes do día 24 de xuño de 2005, por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sendo imprescindible que na documentación figure a data de recepción no organismo público correspondente.

A memoria deberá ser enviada tanto en soporte papel, tres exemplares, ao enderezo indicado no parágrafo anterior, como en soporte electrónico ao seguinte enderezo calidade@edu.xunta.es, nun ficheiro adxunto en formato Word que conteña a memoria solicitada.

Os traballos que concorran deberán ser orixinais, para o que se presentará unha declaración xurada ou promesa de estar en posesión dos dereitos de publicación, distribución e uso da totalidade da experiencia, así como de que son inéditos ou, polo menos, non foron comercializados e de que non foron premiados ou non tiveron bolsa con anterioridade, nin sufragados pola Xunta de Galicia ao abeiro doutros programas e ser coherentes coa normativa establecida pola Xunta de Galicia.

3. Para a categoría Premio á calidade na educación, a memoria descritiva ocupará un máximo de 50 páxinas numeradas, en tamaño A4, por unha soa cara, cun tamaño mínimo de letra Arial de 12 puntos e interlineado dobre. Se se presentasen máis das 50 páxinas, as adicionais non serán tidas en conta á hora de avaliar, pertencen á propia memoria ou se presenten en forma de anexos.

A memoria deberá comprender as seguintes seccións:

a) Índice.

b) Datos de identificación: nome do centro, código do centro, enderezo postal e electrónico, teléfono e fax. Estudos que se imparten, número de grupos e de alumnos e persoal que presta os seus servizos no centro.

c) Resumo sobre o centro, cunha extensión máxima de tres páxinas: historia, organigrama, misión, visión, valores, iniciativas de calidade, participación en distintas modalidades formativas, etc.

d) Descrición completa do funcionamento baseada nos criterios de calidade que se recollen no anexo II.

4. Para os centros que se presenten á categoría Premio ás accións de mellora, a memoria descritiva do centro ocupará un máximo de 30 páxinas numeradas, en tamaño A4, por unha soa cara, cun tamaño mínimo de letra Arial 12 puntos e interlineado dobre. Se se presentasen máis das 30 páxinas, as adicionais non serán tidas en conta á hora de avaliar, pertencen á propia memoria ou se presenten en forma de anexos.

A memoria deberá comprender as seguintes seccións:

a) Índice.

b) Datos de identificación: nome do centro, código do centro, enderezo postal e electrónico, teléfono e fax. Estudos que se imparten, número de grupos e de alumnos, persoal que presta os seus servizos no centro.

c) Resumo sobre o centro, cunha extensión máxima de tres páxinas: historia, organigrama, misión, visión, valores, iniciativas de calidade, participación en distintas modalidades formativas, etc.

d) Descrición completa do plan, da súa posta en práctica e dos seus resultados e valoración, tal e como se recolle no anexo III.

Sétimo.-Guía para a presentación ao premio en ambas categorías.

Co fin de facilitar a participación dos centros na convocatoria que se regula pola presente orde, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará unha guía informativa sobre o mesmo, que estará dispoñible no portal educativo www.edu.xunta.es, na sección de convocatorias da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

Oitavo.-Compromisos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e dos centros docentes candidatos.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria gardará a debida confidencialidade sobre os resultados das avaliacións que se efectúen a centros docentes, con ocasión do desenvolvemento do previsto nesta convocatoria.

2. Os centros notificarán a participación nesta convocatoria ás súas respectivas delegacións provinciais

e Inspección Educativa, e enviarán copia da dita notificación a esta consellería, xunto coa solicitude de participación.

3. Os centros facilitarán a entrada do equipo de avaliación ás súas instalacións, en caso de que se considere necesario completar a información dispoñible mediante unha visita. A autorización nesta convocatoria comportará a autorización para a posible visita ao centro.

4. Os centros premiados comprométese a participar nas accións de difusión de mellores prácticas que se organicen por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así mesmo, prestarán a súa autorización para a publicación, se é o caso, das memorias ás que se refire a disposición sexta desta orde.

5. O importe dos premios deberá invertirse no desenvolvemento de actuacións encamiñadas á mellora da calidade educación. Dada a procedencia dos fondos da comunidade autónoma que os cofinancian, a xustificación dos gastos orixinados no desenvolvemento das actuacións de mellora deberán realizarse tendo en conta o Manual para a xustificación de gastos cofinanciados polo Fondo Social Europeo que elaborou a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que foi enviado aos centros públicos. Tamén se pode obter no portal educativo <http://www.edu.xunta.es>, na sección centros, epígrafe ferramentas. Todas as facturas e xustificantes de gastos imputables a estas actuacións deberán ser contabilizadas e arquivadas no centro de maneira diferenciada ou, cando menos, estar claramente identificadas.

6. A presentación da solicitude de participación nesta convocatoria supón a completa aceptación destas bases.

Noveno.-Criterios para a concesión do premio.

1. Para a concesión do premio na categoría Premio á calidade na educación, tomaranse como base os criterios e subcriterios do Modelo EFQM de Excelencia, adaptado aos centros educativos, que figuran no anexo II. Para a concesión do premio á categoría Premio ás accións de mellora teranse en conta os criterios establecidos para a valoración das accións que figuran no anexo III.

2. A avaliación das actuacións de calidade de cada centro candidato será realizada por unha comisión técnica.

Décimo.-Fases para a concesión do premio.

Establécense dúas fases para a concesión do premio en cada categoría: a primeira fase consistirá na avaliación das memorias dos candidatos, acompañada, se é o caso, de visitas por parte da comisión técnica designada para o efecto; a segunda consistirá na concesión do premio, que será resolta polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, por proposta do xurado.

Undécimo.-Xurado.

1. O xurado estará integrado pola directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais ou persoa en quen delegue, que será a súa presidenta, e cinco vogais con categoría de subdirector xeral, xefe de servizo ou membros da Inspección Educativa. Un funcionario da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais actuará como secretario con voz pero sen voto.

2. O xurado poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica para os efectos de elaboración de informes sobre as memorias presentadas e, se procede, visitas aos centros candidatos.

3. Sobre cada unha das memorias dos centros candidatos elaborárase un informe. A avaliación da memoria poderá ser complementada cunha visita ao centro, de acordo coa ordenación do proceso de concesión de premios.

4. O xurado emitirá unha proposta de resolución e elevaraa ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria que resolverá a concesión de premios.

5. Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

6. As solicitudes entenderanse desestimadas de non resolverse esta convocatoria no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no DOG.

7. Os membros do xurado e da comisión técnica poderán percibir axudas de custo por asistencias e axudas para gastos de locomoción por concorreren ás sesións conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Décimo segundo.-Retirada de documentación.

Unha vez transcorridos tres meses desde a data de publicación da resolución definitiva, os interesados ou os seus representantes legais poderán retirar as memorias que non resultaran premiadas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar as instrucións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE PREMIOS ÁS ACTUACIÓNS DE CALIDADE NA EDUCACIÓN PARA O CURSO 2004-2005	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED518A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

NOME DO CENTRO		CÓDIGO DO CENTRO
ENSINANZAS REGRADAS NON UNIVERSITARIAS QUE IMPARTE		
Nº ALUMNADO	Nº DOCENTES	
NOME DIRECTOR/A		
ENDEREZO		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO

Categoría pola que se presenta: _____

Desexa presentarse ao Premio ás actuacións de calidade en educación convocado para o curso 2004-2005 e acepta as bases da convocatoria.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 25 de abril de 2005 pola que se convocan premios ás actuacións de calidade na educación postas en marcha por centros públicos de niveis non universitarios, durante o curso académico 2004-2005 cofinanciados polo Fondo Social Europeo.</i>
O.A DIRECTOR/A DO CENTRO _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

ANEXO II

Categoría premio á calidade na educación.
 Curso 2004-2005
 (ver Guía para a presentación ao premio
 en www.edu.xunta.es)

Criterios de avaliación do Modelo EFQM de Excelencia adaptado a centros educativos.

Criterio 1: liderazgo.

Subcriterios:

1.a) Desenvolvemento dos fins, obxectivos e valores por parte do equipo directivo e doutros responsables, e actuación destes tendo como modelo de referencia un planeamento de mellora continua.

1.b) Implicación persoal do equipo directivo e doutros responsables para garantir o desenvolvemento e implantación dos procesos de mellora continua no centro.

1.c) Implicación do equipo directivo e dos outros responsables cos beneficiarios dos servizos educativos, con outros centros educativos e institucións do contorno e coa Administración educativa.

1.d) Recoñecemento e valoración oportuna por parte do equipo directivo e dos outros responsables dos esforzos e dos logros das persoas ou institucións interesadas no centro educativo.

1.e) Definición e impulso do cambio na institución por parte do equipo directivo e dos outros responsables.

Criterio 2: planificación e estratexia.

Subcriterios:

2.a) A planificación e a estratexia do centro educativo baséanse nas necesidades e expectativas de todos os sectores da comunidade educativa: profe-

sores, pais, alumnos e persoal de administración e servizos.

2.b) A planificación e a estratexia baséanse na información procedente da análise e das medicións que realiza o centro sobre os seus resultados e sobre o proceso de aprendizaxe do persoal, propio das prácticas de mellora.

2.c) A planificación e estratexia do centro educativo desenvólvense, revísanse e actualízanse.

2.d) A planificación e estratexia comunícanse e implántase mediante un esquema de procesos clave.

Criterio 3: persoal do centro educativo.

Subcriterios:

3.a) Planificación, xestión e mellora do persoal.

3.b) Identificación, desenvolvemento, actualización e mantemento do coñecemento e capacidade das persoas do centro.

3.c) Implicación, participación e asunción de responsabilidades por parte do persoal do centro.

3.d) Comunicación efectiva entre o persoal do centro.

3.e) Recoñecemento e atención ao persoal do centro.

Criterio 4: colaboradores e recursos.

Subcriterios:

4.a) Xestión das colaboracións externas.

4.b) Xestión dos recursos económicos.

4.c) Xestión dos edificios, instalacións e equipamentos.

4.d) Xestión da tecnoloxía.

4.e) Xestión dos recursos da información e do coñecemento.

Criterio 5: procesos.

Subcriterios:

5.a) Deseño e xestión sistemática de todos os procesos identificados no centro educativo.

5.b) Introdúcense nos procesos as melloras necesarias, mediante a innovación, co obxecto de satisfacer plenamente os usuarios e interesados.

5.c) Os servizos e prestacións do centro deséñanse e desenvólvense atendendo ás necesidades e expectativas dos usuarios.

5.d) Os servizos e prestacións do centro xestiónanse sistematicamente.

5.e) Xestión, revisión e mellora das relacións cos alumnos e pais en relación cos servizos que ofrece o centro.

Criterio 6: resultados nos usuarios do servizo educativo.

Subcriterios:

6.a) Medidas de percepción.

6.b) Indicadores de rendemento.

Criterio 7: resultados no persoal.

Subcriterios:

7.a) Medidas de percepción.

7.b) Indicadores de rendemento.

Criterio 8: resultados no contorno do centro educativo.

Subcriterios:

8.a) Medidas de percepción.

8.b) Indicadores de rendemento.

Criterio 9: resultados clave do centro educativo.

Subcriterios:

9.a) Resultados clave do centro educativo.

9.b) Indicadores clave do rendemento do centro.

ANEXO III

Categoría Premio ás accións de mellora.

Curso 2004-2005

(ver Guía para a presentación ao premio en www.edu.xunta.es)

Criterios para a valoración delas.

A valoración do contido, execución e resultados destas prácticas farase tendo en conta os seguintes ítems:

I. Preparación do plan, selección de áreas de mellora e definición de obxectivos.

1. Sinalar se o plan é continuación doutro anterior.

2. Diagnóstico realizado para a detección e selección de áreas de mellora sobre as que se centra o plan. Instrumentos utilizados.

3. Descrición da área ou áreas seleccionadas e xustificación delas en función das necesidades do centro.

4. Obxectivos de mellora fixados en relación coas áreas seleccionadas: descrición de cada un deles e indicadores de medición fixados. Sen prexuízo de que os obxectivos poidan integrarse como parte dun plan de mellora con carácter plurianual, indicar os que se pretende conseguir, durante o período que afecta a esta convocatoria.

II. Procedementos.

5. Procedementos e actuacións previstos para acadar os obxectivos. Indicar as persoas responsables da súa execución, os recursos e apoios necesarios, o calendario para a súa execución e o plan para o seu seguimento e avaliación.

6. Se debido ás avaliacións realizadas ao longo do proceso se introduciron cambios nos procedementos, sinalalos e indicar como se informou o persoal afectado.

III. Implicación das persoas do centro e apoios externos.

7. Segundo o tipo de plan definido, o tipo de implicación das persoas no plan non será o mesmo. Sinalar que tipo e grao de implicación existiu en función dos obxectivos fixados, por parte do profesorado, dos pais e nais, do persoal de administración e servizos e do alumnado.

8. Indicar como se impulsa esa implicación desde o liderado exercido pola dirección do centro.

9. Apoios ao plan de traballo desde instancias externas ao centro (institucións educativas, outras).

IV. Satisfacción das persoas.

10. Tipo de avaliación realizada e instrumentos utilizados para a detección do grao de satisfacción nos distintos estamentos do centro.

11. Grao de satisfacción conseguido en cada un dos estamentos da comunidade educativa e no contorno do centro pola realización do plan.

V. Avaliación final.

12. Grao de consecución dos obxectivos fixados tendo en conta os indicadores sinalados.

13. Valoración realizada polo centro dos resultados obtidos e xustificación da dita valoración. Indíquense os estamentos do centro que realizaron a dita valoración e os instrumentos empregados para realizala.

14. Proxectos de traballo futuros como consecuencia do plan realizado.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 21 de marzo de 2005 pola que se declara a alienabilidade de catro predios da Comunidade Autónoma de Galicia pertencentes ao fondo de terras da zona de concentración parcelaria de Vilar de Santos-Sandiás (número 1283, 1447, 1448 e 2109).

O artigo 31.3º, da Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da de concentración parcelaria para Galicia, sinala que a consellería competente en materia de agricultura está autorizada a exercer as funcións dominicais sobre o fondo de terras segundo o establecido na lexislación patrimonial, sen prexuízo do informe previo da Consellería de Economía e Facenda para os actos de disposición sobre bens inmoables.

O 29 de abril de 2002, o Concello de Vilar de Santos solicitou a cesión gratuita en propiedade dos predios nº 1283, 1447, 1448 e 2109 da zona de concentración parcelaria de Vilar de Santos que pertencer á Comunidade Autónoma de Galicia en vir-

tude da acta complementaria de reorganización da propiedade da zona de concentración parcelaria de Vilar de Santos do 12-6-2001, pola que pasaron á titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia as terras sobrantas da antedita zona de concentración, entre as que se encontran os predios nº 1283, 1447, 1448 e 2109.

Unha vez obtida a inscrición no correspondente rexistro da propiedade do citado ben inmoible, procede declarar a súa alienabilidade de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e no artigo 60 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o seu regulamento, co obxecto de posibilitar o tráfico destes bens patrimoniais.

En virtude do anteriormente exposto e tendo en conta a memoria xustificativa da Secretaría Xeral da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e despois do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declárase a alienabilidade dos bens inmoables que se describen:

-Predio nº 1283 da zona de concentración parcelaria de Vilar de Santos-Sandiás, municipio de Vilar de Santos, sequeiro no sitio dos Sangoñedos, que ten unha superficie de 10.300 m², que estrema: norte, Cristalina Fernández Nogueiras (1284) e camiño; sur, Bernardo García Fernández e outros (1287); leste, Josefa Morales Gómez e outros (1281) e outros propietarios (1282 e 1287); oeste, Cristalina Fernández Nogueiras (1284) e outros propietarios (1286 e 1287). Inscrito no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia no tomo 704, libro 27, folio 113, predio nº 4471.

-Predio nº 1447 da zona de concentración parcelaria de Vilar de Santos-Sandiás, municipio de Vilar de Santos, sequeiro no sitio de Carreira, que ten unha superficie de 1.900 m², que estrema: norte, Concepción Morales Dacal (1446); sur, estrada de Vilar de Santos a Xinzo de Limia; leste, Comunidade Autónoma de Galicia (1448) e tanque; oeste, camiño. Inscrito no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia no tomo 704, libro 27, folio 114, predio nº 4472.

-Predio nº 1448 da zona de concentración parcelaria de Vilar de Santos-Sandiás, municipio de Vilar de Santos, sequeiro no sitio de Carreira, que ten unha superficie de 1.160 m², que estrema: norte, Concepción Morales Dacal (1446); sur, estrada de Vilar de Santos a Xinzo de Limia; leste, Ricardo Blanco Franco (1445) e tanque; oeste, Comunidade Autónoma de Galicia (1447). Inscrito no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia no tomo 704, libro 27, folio 200, predio nº 4558.

-Predio nº 2109 da zona de concentración parcelaria de Vilar de Santos-Sandiás, municipio de Vilar de Santos, sequeiro no sitio das Toxeiras, que